

SISTEMA DE DEPENDENCIA O TEU DEREITO A UNHA VIDA DIGNA

A Lei de dependencia xurdiu dunha histórica reivindicación sindical e consolidouse como un dereito para toda a cidadanía. Malia os seus déficits (longas listas de espera, demoras na valoración, financiamento insuficiente e copagamentos) **garantíu atención a millóns de persoas dependentes, apoiando familias, xerando emprego e avanzando en igualdade.**

En **CCOO** Pensionistas asesorámoste sobre:

- ❶ Os tres graos de dependencia existentes: *I Moderada, II Severa e III Gran dependencia.*
- ❷ Información sobre requisitos e dereitos.
- ❸ Xestión e seguimento das solicitudes.
- ❹ Reclamacións en caso de atrasos.
- ❺ Acceso a servizos profesionais dispoñibles e prestacións económicas.

SERVIZOS PÚBLICOS

E DEREITOS SOCIAIS

Fronte a calquera problema ou recorte, estamos contigo para informarte e asesorarte en aspectos relacionados con:

- A sanidade pública,
- Os dereitos sociais,
- Servizos á cidadanía,

ESTAMOS AO TEU DISPOS NAS NOSAS SEDES

Federación Estatal de Pensionistas de **CCOO**

Rúa Albasanz, 3. Planta baixa. 28037 Madrid

900 10 23 05

Horario de 10,00 a 14,00 horas

www.pensionistas.ccoo.es

Andalucía

Calle Cardenal Bueno
Monreal, 58 - planta 3ª
41013 Sevilla
Teléfono 954 50 70 41

Aragón

Pº Constitución, 12
2ª planta
50008 Zaragoza
Teléfono 976 48 32 28

Asturias

C/ Santa Teresa, 15
1º izquierda
33005 Oviedo
Teléfono 985 25 71 99

Illes Balears

Francesc de Borja Moll, 3
07003 Palma de Mallorca
Teléfono 971 72 60 60

Canarias

Primero de Mayo, 21
35002 Las Palmas de
Gran Canaria
Teléfono 928 44 75 37

Cantabria

Santa Clara, 5
39001 Santander
Teléfono 942 22 77 04

Castilla-La Mancha

C/ Miguel López de
Legazpi, 32-34
02005 Albacete
Teléfono 967 19 20 84

Castilla y León

Plaza Madrid, 4 - 5ª planta
47001 Valladolid
Teléfono 983 29 16 17

Catalunya

Vía Laietana, 16 - 3ª planta
08003 Barcelona
Teléfono 934 81 27 69

Ceuta

Alcalde Frutuoso
Miaja, 1 - 2ª pl
51001 Ceuta
Teléfono 956 51 62 43

Euskadi

Uribitarte, 4- 48001 Bilbao
Teléfono 945-01-57-53

Extremadura

Avda. Juan Carlos I, 41
06800 Mérida
Teléfono 924 38-46-25

Galicia

C/ María, 42-44, baixo
15402 Ferrol
Teléfono 981 36 93 08

Navarra

Avenida Zaragoza, 12
31003 Pamplona
Teléfono 948 24 42 00

La Rioja

C/ Pío XII, 33 - 2ª planta
despacho 45
26003 Logroño
Teléfono 941 12 58 71

Madrid

Lope de Vega, 38
28014 Madrid
Teléfono 915 36 52 87

Melilla

1º de Mayo, 1 - 3º
52006 Melilla
Teléfono 952 67 65 35

Región de Murcia

Corbalán, 4
30002 Murcia
Teléfono 968 35 52 13

País Valencià

Pl. Nàpols i Sicília, 5
46003 Valencia
Teléfono 963 88 21 10



O teu mellor apoio na xubilación

CCOO Pensionistas estamos comprometidas coa defensa das persoas pensionistas e coa loita por todas as causas xustas da clase traballadora. A nosa traxectoria está profundamente vinculada á acción sindical e laboral, e agora, nesta etapa da xubilación, **seguimos ao teu carón coa mesma intensidade, experiencia e compromiso, para axudarche a que non perdas ningún dereito e asesorarte sobre o acceso a todas as axudas dispoñibles.**

Asesorámoste sobre:

- Pensións
- Sistema de dependencia
- Bono social eléctrico
- Ingreso mínimo vital (IMV)
- Dereitos sociais e sanidade pública

AFILIADOS

O noso compromiso é claro:

Asesorarte, acompañarte e defender os teus dereitos en todo momento





CCOO PENSIONISTAS AO TEU CARÓN NESTA NOVA ETAPA

A xubilación abre unha etapa chea de cambios e novas decisións, na que contar con información clara e apoio colectivo é fundamental. Estar ben asesorado e asesorada permíteche afrontar este momento con maior seguridade, autonomía e confianza.

En **CCOO Pensionistas** ofrecémosche un servizo próximo e continuo, baseado no asesoramento personalizado en todos os aspectos que afectan a túa vida como pensionista.

A nosa experiencia sindical e laboral permítenos:

Orientarte de forma clara e sinxela

Axudarche nas túas xestións e trámites

Resolver as túas dúbidas e defender os teus dereitos

PENSIÓNS DEFENSA E SOSTIBILIDADE

Estamos comprometidos e comprometidas cun modelo público de pensións baseado nos principios de:

- Solidariedade interxeracional.
- Repartición xusta e equitativa.
- Coa garantía e fiabilidade do Estado.

En CCOO Pensionistas asesorámoste sobre:

- ❶ Revalorización e actualización da túa pensión, segundo o IPC.
- ❷ Complementos e pensións mínimas.
- ❸ Revisión de contías e posibles reclamacións.
- ❹ Medidas para reducir a fenda de xénero.

BONO SOCIAL ELÉCTRICO CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA

A pobreza enerxética afecta a millóns de persoas, incluso con emprego (case un 12 % de traballadores e traballadoras). Terán dereito a este bono as persoas vulnerables ou en risco de exclusión social, dependendo da súa renda.

Desde CCOO Pensionistas asesorámoste para:

- ❶ Comprobar se cumpres os requisitos do bono social eléctrico (*contrato con tarifa PVPC, potencia máxima de 10 kW, ser titular da subministración, renda adecuada...*).
- ❷ Solicitar a axuda correctamente.
- ❸ Resolver incidencias coa túa compañía.
- ❹ Reducir gastos e mellorar o teu benestar.

INGRESO MÍNIMO VITAL AXUDA ESENCIAL PARA QUEN MÁIS O NECESITA

Para protexer aos que máis o necesitan, garantir uns ingresos mínimos e combater a pobreza.

En CCOO Pensionistas asesorámoste sobre:

- ❶ Requisitos de acceso (ter 23 anos ou 18 se hai menores a cargo, residencia en España, ingresos da unidade familiar).
- ❷ Contía variable segundo ingresos da unidade familiar.
- ❸ Preparar e entregar a documentación necesaria (*DNI, certificado de empadramento, etc.*).
- ❹ Tramitar a solicitude a través da Seguridade Social.
- ❺ Seguir o estado do teu expediente e resolver as incidencias.

